



PREGUNTA ORAL SOBRE A CAUSA DOS DERRAMOS NA RÚA CARREIRA DO CONDE E A SÚA REPARACIÓN

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reurbanización e humanización da rúa Carreira do Conde foi un proxecto executado no pasado mandato que contou coa colaboración da Xunta de Galicia. A través dese proxecto creouse unha vía peonil, o que supuxo unha mellora notable para a transición entre o ámbito da cidade histórica e o Ensanche e, en particular, para a conexión cara a Avenida Xoán Carlos I e a propia Alameda.

Foi unha obra importante, cun investimento cifrado en 540.000 euros, que afectou a unha superficie de 3.866 m², para primar o seu carácter peonil, con acceso rodado restrinxido para garaxes, así como carga e descarga comercial. Na súa construción empregouse principalmente pavimento en pedra e, entre outras melloras, ampliouse a zona axardinada.

Desde a posta en servizo da obra, o actual Goberno decidiu convertela en escenario de distintas actividades e exposicións aproveitando as súas grandes posibilidades.

Desde hai varios días algúns elementos do pavimento desta rúa e a zona verde próxima a eles atópanse estragados, polo que parecen unha consecuencia do paso ou da manobra de algún vehículo pesado, motivo polo que presentamos a seguinte pregunta:

Cal é a causa do derramo sufrido nas lousas e na zona verde da rúa Carreira do Conde e quen se vai facer cargo da súa reparación?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017.

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Popular

